

# 2 La Fundación en primera persona

## Fernando Cerecedo

Hijo de una usuaria de la residencia San Vitorio (Baralla)



*Pode chegar o momento en que certos cambios suceden e, sen ser tráxicos, son importantes na vida das persoas e trastornan unha realidade. Isto pode ser habitual entre quen convivimos con persoas maiores, que polas súas características e idade van a vivir acontecementos que poden supoñer transformacións de moita fondura para a súa situación, así como para a dos seus familiares e achegados. Nestes casos, a toma de decisións poden ser dolorosas incluso, pero sempre inevitables.*

*A nós, como a tantas outras familias, aconteceunos uns anos atrás. Nosa nai viu limitada, nun proceso moi rápido, a súa vida pola inmovilidade, quedando ligada para sempre a unha cadeira de rodas para non camiñar máis. A partir desta situación, a busca dunha alternativa ao estilo de vida desenvolto ata daquela facíase imprescindible. Afortunadamente, unha posible solución estaba cerca, na mesma vila na que miña nai vivía e nós nacemos. Na vila onde se localiza boa parte do noso universo emocional: Baralla. A “Residencia San Vitorio” converteuse no centro xeográfico das nosas vidas. Naqueles primeiros momentos, non deixaba de ser un espazo físico novo para nós, alleo ás nosas vivencias familiares e baleiro de contido afectivo. Era un recurso práctico e útil, pero non moito máis.*

*Case tres anos despois, agora estamos en situación de afirmar que ademais dun espazo físico, a “Residencia San Vitorio” converteuse tamén nun espazo emocional. Esta evolución ten causas e axentes determinantes. Por un lado, as propias experiencias familiares que fomos trasladando pouco a pouco ata alí: as visitas semanais, as celebracións familiares, as festas colectivas compartidas, as conversas animadas á sombra nas tardes cálidas ... Agora son aquelas paredes as que nos acollen neses momentos. Por outro, a convivencia con outras persoas, xa coñecidas pero case esquecidas ata que o destino nos volve a xuntar. Tamén novas caras que se engaden ao noso medio humano. Todos e todas suman na vida social e afectiva de nosa nai. E por último, e non menos importante, o persoal da residencia, que ademais de ofrecer cuidados profesionais reparte amizade, apoio emocional, caricias, sorrisos... con empatía e paciencia infinitas, con dedicación e proximidade, sen escatimar entrega.*

*E así, un novo fogar, no significado máis fondo da palabra. Os mesmos horizontes barallenses cando miras cara arriba. E as mesmas caras de sempre, de antes da cadeira de rodas, cando miramos cara abaixo, a nosa nai.*